



MIm

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO PARA O CURSO ESCOLAR 2026/2027

A Concellería de servizos sociais e discapacidade, desenvolve dentro do Proxecto anual de servizos sociais comunitarios unha convocatoria anual de axudas para a adquisición de libros e material escolar complementario dirixido ás familias con menor poder adquisitivo que residen e están empadronadas no municipio e que teñen aos seus/súas fillos e fillas matriculados nalgún dos centros educativos públicos ou concertados desta localidade.

O obxecto desta convocatoria ten a súa fundamentación no recoñecemento da existencia dunha necesidade de apoio económico de familias do municipio que se atopan nunha situación de precariedade económica e laboral con dificultades para afrontar os gastos derivados da escolarización dos seus fillos/fillas.

- O Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Monforte de Lemos, aprobada na xunta de goberno do 26/01/2026 e no seu artigo 10 establece expresamente:
 - o *Outorgaranse mediante convocatoria de concorrencia previa aprobación de bases de concesión as seguintes subvencións:*

APLICACIÓN	OBXECTO	IMPORTE
2310 48001	AXUDAS PARA A MELLORA ENERXÉTICA NOS FOGARES	25.000
2310 48002	AXUDAS MATERIAL ESCOLAR CURSO 2026/2027	35.000
2310 48003	SUBVENCIÓNS ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL ACTIVIDADES 2026	12.000

A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL) e o artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un tratamento preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. Así mesmo, o artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio) establece no artigo 4, que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas. Así mesmo, o artigo 83 prevé a existencia de bolsas de axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.





Finalmente, a Lei 13/2008, do 3 de decembro que regula o Sistema galego de servizos sociais de Galicia contempla no catálogo de servizos sociais as prestacións económicas, tendo un carácter esencial as axudas de necesidade social.

Por todo isto, propónse a aprobación da concesión de bolsas complementarias ao estudo para o curso 2026/2027 no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

BASES

1. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroado no Concello de Monforte e escolarizado para o curso 2026 /2027 en educación infantil (3-5 anos), educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial nalgún dos centros docentes públicos ou concertados existentes no municipio.

As axudas teñen como finalidade apoiar ás familias con menor renda per cápita do municipio que presenta dificultades económicas para afrontar o gasto que supón o obxecto da axuda.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS

Para ser beneficiario/a desta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes:

1. Ser pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e custodia do alumno/a que no ano escolar da convocatoria correspondente vaian a cursar estudos nas etapas educativas de ensinanza indicadas nesta convocatoria, en calquera centro docente, público ou concertado, do Concello de Monforte de Lemos.
2. Que a renda per cápita da unidade familiar non supere o 70% IPREM mensual para o ano 2026 (420€/mes) en cómputo anual 12 pagas (5.040€ ano por persoa). Para determinar a renda per cápita tomarase a renda da unidade familiar e dividirse polo número de membros da dita unidade como a continuación se especifica:

Nº membros UF	Ingresos mensuais netos	Ingresos anuais
2	840	10.080
3	1.260	15.120
4	1.680	20.160
5	2.100	25.200

Non se computarán os ingresos seguintes:

- Prestacións económicas en aplicación da lei de dependencia
- A axuda económica para vítimas de violencia de xénero regulada no RD 1452/2005, de 2 de decembro





3. Que a persoa solicitante así como os e as menores beneficiarios da mesma, se atopen empadroados e residan efectivamente no Concello de Monforte de Lemos no momento de presentación da solicitude.
4. Que a persoa solicitante esté ó día no pago das obrigas tributarias municipais.
5. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. RENDA PER CÁPITA

Ós efectos destas bases, enténdese por renda per cápita familiar a resultante de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2024 entre o número de membros computables. No caso de que na unidade familiar concorran, cando menos nun dos seus membros, algunha das seguintes circunstancias: discapacidade igual ou superior ao 33 %, recoñecemento da situación de dependencia ou situación de violencia de xénero, incrementarase en unha unidade o número de membros computables, con independencia do número de persoas que se atopen nestas situacións.

A renda familiar obtense por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os membros da unidade familiar que presentasen a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2024, para os efectos do cálculo da renda familiar sumaranse os recadros base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible de aforro (recadro 460) da declaración.

No caso de non presentar declaración do imposto sobre a renda de 2024 teranse en conta os ingresos netos mensuais de todos os membros computables da unidade familiar segundo o establecido na base 8ª.

No obstante, cando as circunstancias económicas actuais non sexan coincidentes coa contía da declaración do IRPF no momento da presentación da solicitude da axuda, teranse en conta estas últimas, sempre que se xustifiquen documentalmente, para o cálculo da renda per cápita.

4. DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Para os efectos previstos nesta convocatoria, terán consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, de ser o caso, as persoas titoras do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados cando teñan modificada xudicialmente a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curatela representativa ou cando estean suxeitos á patria potestad prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) As persoas proxenitoras separadas legalmente ou divorciadas con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.



f) A persoa unida por novo matrimonio ou por unión de feito á persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e tódolos descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos das letras b), c) e d) ; agás nos casos de custodia compartida.

Así mesmo, entenderase por familia monoparental a unidade familiar cando forme parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento, sendo este extremo xustificado documentalmente.

Non terá a consideración de membro computable:

a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e composición familiar referida á data de finalización o prazo para presentar solicitudes.

5. CONTÍA E LÍMITE DAS AXUDAS

As axudas que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que só poderá concederse unha axuda por alumnado no mesmo ano para o mesmo concepto.

O contía máxima das axudas para adquirir material escolar e libros de texto será a seguinte:

- 75 € para Educación Infantil por cada alumno/a.
- 100 € para Educación Primaria e por cada alumno/a.
- 120€ para Educación Secundaria Obrigatoria por alumno/a
- 150€ para alumnado matriculado nun centro de educación especial ou que reciban medidas de apoio á diversidade desde os centros educativos ordinarios ou cunha discapacidade superior ou igual ó 65% .

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, a contía individual das axudas destinadas á adquisición de material escolar e libros de texto poderá ser obxecto de redución proporcional en función do número total de solicitudes admitidas por cumprimento dos requisitos establecidos no punto 2º e do crédito orzamentario dispoñible, co fin de garantir unha maior cobertura entre as familias beneficiarias.

6. COMPATIBILIDADE

Estas axudas serán compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade concedidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo total dos materiais subvencionados.

7. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 35.000€ euros con cargo a aplicación orzamentaria 231.480.02 do Orzamento xeral municipal para o ano 2026.



8. SOLICITUDES

A solicitude formalizarase no formulario normalizado que figura como **anexo I** e que estará dispoñible nas oficinas do Centro de Servizos Sociais Municipais emprazado na R/Paseo do Malecón s/n ,no Rexistro Xeral do Concello sito en Campo de San Antonio s/n e na páxina web municipal.

As solicitudes (Anexo I) irán acompañadas da seguinte documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:

- a) Certificado do centro educativo onde conste o curso no que se atopa matriculado para o curso 2026/27; que se atopa pendente matrícula ou que o alumno/a se atopa nunha unidade de educación especial de centros ordinarios (**Anexo II**)
- b) Fotocopia do documento de identidade en vigor da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade de convivencia maiores de 14 anos.
- c) Fotocopia do documento de identidade da persoa representante do/a solicitante.
- d) Fotocopia do Libro de familia completo ou, no seu defecto, documentación equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- e) No caso de separación/divorcio legal achegarase a copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade do matrimonio ou medidas paterno filiais respecto ó/á menor, xunto co convenio regulador ou, en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
- f) No caso de separación de feito achegarase xustificante da interposición da demanda de divorcio ou calquera documentación avale esta situación.
- g) No caso de viuvez da nai/pai acreditarase mediante certificado de defunción.
- h) Certificado de convivencia no que o menor/es figure/n empadroados coa persoa solicitante, **no caso de non autorizar a súa consulta na solicitude.**
- i) Certificado de estar ó día no pago das obrigas tributarias municipais, **no caso de non autorizar a súa consulta.**
- j) Fotocopia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou na falta desta o certificado tributario de imputacións do exercizo 2024 da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, de ser o caso.
- k) No caso de que algún dos membros da unidade de convivencia non esté obrigado a presentar a declaración da renda ou se aleguen circunstancias económicas especiais non coincidentes coa presentación do IRPF 2024 e así conste no **anexo III** presentarse a seguinte documentación, segundo corresponda:
 1. En activo: Nómina do mes anterior á apertura do prazo de solicitude da axuda.
 2. Desempregados: certificación do Servizo público de emprego de Galicia conforme percibe ou non prestación por desemprego e da Seguridade Social conforme percibe ou non algún tipo de prestación.
 3. Pensionistas: Certificado de pensións emitida polo organismo competente.
 4. Perceptores de ingreso mínimo vital: Certificado de prestacións da Seguridade social.
 5. Perceptores de RISGA: Certificado Resolución actualizada da concesión da prestación.
 6. Outros ingresos regulares: declaración responsable de ingresos
- l) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar deberá presentarse: certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- m) No caso de recoñecemento da situación de dependencia dalgún dos membros da unidade familiar achegarase a resolución do recoñecemento da situación de dependencia.
- n) No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar documentación acreditativa.

No suposto de que algúns dos documentos requiridos non podan presentarse por impedimento legal ou administrativo substituírse por unha declaración xurada con compromiso de achegalo durante a tramitación do procedemento (**Anexo IV**)





9. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A solicitude e documentación presentárase no Rexistro dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos emprazado na secretaría do Centro Cívico Social, no Paseo do Malecón s/n; no Rexistro Xeral do Concello, no Campo de San Antonio s/n ; ou a través da sede electrónica municipal (www.sede.monfortedelemos.es).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto das bases da convocatoria no boletín oficial da provincia (BOP). As bases estarán a disposición das persoas interesadas nas dependencias dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos, no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web do Concello a partires desa data.

De acordo co artigo Art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, se as solicitudes presentadas non reunisen os requisitos sinalados, requirirase ás persoas interesadas para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen a falta ou acompañe os documentos preceptivos. No caso de non facelo teráselle por desistido da súa petición e arquivarase o expediente.

Estas bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo(BOP) e remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOP do extracto desta.

10.PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN

A ordenación e instrución do procedemento corresponderalle ós servizos sociais municipais que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos requisitos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, dacordo co previsto nos puntos 2 e 5, previo informe de valoración da Comisión de valoración.

11.COMISIÓN DE VALORACIÓN

Conforme ao establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, crearase unha comisión de valoración que será o órgano colexiado encargado da valoración das solicitudes e de emitir o correspondente informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

A comisión de valoración estará formada por:

- Presidenta: Concelleira de servizos sociais e discapacidade
- Vogais: coordinadora do departamento de servizos sociais municipais e persoa técnica do servizo de educación e apoio familiar municipal.
- Secretario/a, con voz pero sen voto: coordinadora do departamento de servizos sociais municipais.
- Intervención, con voz pero sen voto: Un representante do servizo de intervención municipal.

En caso de ausencia dalgún membro da comisión de valoración, este será substituído pola persoa designada polo/a presidente/a.

Así mesmo, a Comisión de valoración terá a competencia para interpretar as Bases reguladoras no caso de que poida xurdir algunha incidencia ó respecto.



12. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A proposta de resolución conterá os seguintes extremos:

- A. Relación de solicitantes ós que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- B. No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta da resolución, resolverá o procedemento.

O prazo máximo de resolución será o establecido no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de acordo co artigo 25.5 do mesmo texto normativo.

A resolución publicarase na páxina web municipal así como no centro de servizos sociais.

13. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As xerais recollidas no artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións municipal, no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e as seguintes:

- A. Cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- B. Responder da veracidade dos datos da solicitude.
- C. Destinar o vale para material escolar e libros de texto que teña establecido o centro para o alumnado beneficiario.

14. FORMA E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.

Tras a resolución de concesión da axuda económica, as contías serán aboadas mediante a entrega dun vale, que será único por cada solicitude e estará selado e asinado pola Concelleira dos servizos sociais municipais. Desde xeito, a persoa beneficiaria acudirá á secretaría do centro de Servizos Sociais do Concello para retirar o vale da axuda concedida no prazo de 1 mes desde a publicación da resolución de concesión. No caso de non retirar o vale no prazo establecido entenderase existe unha renuncia tácita e procederase a anular o vale. Do mesmo xeito, anularanse os vales cando se presente a renuncia expresa.

No caso do alumnado pendente de matrícula en setembro a entrega do vale estará condicionada á presentación do certificado de matriculación no curso 2026/27.

Unha vez que a persoa solicitante este en posesión do vale, poderá adquirir os libros e material escolar nas librarías de Monforte de Lemos, a súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento como prazo máximo ata o **30 de setembro de 2026**.

A persoa beneficiaria deberá identificarse para usar o vale.

En caso de extravío do vale tanto pola persoa beneficiaria coma por librería non expedirán un novo vale.

Se o importe dos libros e/ou material escolar adquirido é inferior ó valor do vale, o persoal do establecemento deberá establecelo na factura correspondente ó interesado que emitirá o concello de Monforte de Lemos facendo constar o número de vales e o importe realmente gastado, perdendo a persoa beneficiaria a diferenza; se o importe fose superior ó do vale, o persoal do establecemento emitirá a factura



polo importe do vale e a diferenza será facturada á persoa solicitante. O concello soamente asumirá a contía establecida no vale.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

Unha vez entregado o material escolar a persoa solicitante entregará o vale asinado ó establecemento que quedará en posesión do mesmo, autorizando a persoa beneficiaria da axuda á cesión do cobro desta ó establecemento autorizado.

A aceptación dos vales polos establecementos supón a aceptación das condicións desta convocatoria.

Os establecementos deberán presentar as facturas a nome da persoa beneficiaria acompañadas dos vales correspondentes no Rexistro xeral do concello de Monforte de Lemos emprazado no Campo de San Antonio de Monforte de Lemos antes do **31 de outubro do 2026** có fin de que a Comisión de Avaliación promova a conformidade das facturas e se proceda o seu pagamento polos servizos de Intervención Municipais.

15.CONTROL, APLICACIÓN, REVISIÓN E REINTEGRO DE SUBVENCIONS

O departamento correspondente poderá requirirle á persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente, e tamén poderá dispor a comprobación oportuna dos datos consignados polos peticionarios.

Tendo en conta que as axudas desta convocatoria responden a unha determinada situación do receptor comprobada previamente á concesión entenderase xustificada a mesma mediante a presentación das facturas por parte dos establecementos acompañadas dos correspondentes vales.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como os xuros de demora, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impidan.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamente a concesión da axuda e dicir ó emprego do importe recibido para finalidades distintas a adquisición de material escolar.
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.
- No caso de que se detecte o uso fraudulento do vale concedido: duplicidade no uso de vales, alteración, falsificación, simulación ou modificación de elementos esenciais do vale...

16. RECURSOS

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao amparo da presente convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, se esta fóra expresa, artigos 123 e 124 da LPACAP, ou de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto ou ben directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, ante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, artigo 46 Lei 29/1998, da Xurisdición contencioso-administrativo.

17.PROTECCIÓN DE DATOS





De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Monforte de Lemos, con domicilio en Campo de Santo Antonio,s/n-27400 de Monforte de Lemos(Lugo), onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

18.DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para os supostos non previstos nas presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, na Lei 38/2003, do 17 de novembro de, Xeneral de Subvencións, Regulamento aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño , de Subvencións de Galicia.

Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital

Gloria Prada Rodríguez
A Concelleira de servizos sociais e discapacidade

